

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE MARZO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezaseis de marzo de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 9 de marzo de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

### 2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Belén García Penerbosa

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 26 de novembro de 2021 (RE núm. 2110), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	BELÉN GARCÍA PENERBOSA
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE MELIDE, PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE CAMBA

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONSTRUCCIÓN DE MURO DE PECHE DE PARCELA
LUGAR	XABALDIÑO
PARROQUIA	SAN SALVADOR DE CAMBA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A040060020000PI
DOCUMENTO TÉCNICO	Proxecto técnico e anexo redactados polo arquitecto Don Pablo Areán González, en datas 16/11/21 e 20/01/22
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	1.813,71 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) MES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 18/02/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de TRINTA E SEIS EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (36,27 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o

momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— Manuel Albor Bernárdez

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 21 de febreiro de 2022 (RE-E núm. 73), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MANUEL ALBOR BERNÁRDEZ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE MOURIGÁS, PARROQUIA DE ARNEGO

DATOS DA OBRA

OBXECTO	ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA EN VIVENDA UNIFAMILIAR
LUGAR	MOURIGÁS
PARROQUIA	ARNEGO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	36047A128060430000LK
DOCUMENTO TÉCNICO	Memoria técnica valorada e escrito complementario redactados polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, en datas 22/07/21 e 23/11/21
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	30.219,38 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DOUS (2) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 09/03/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SEISCENTOS CATRO EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (604,38 €).

Cuarto.- As obras deberán cumprir as condicións impostas pola autorización emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en Pontevedra mediante Resolución de data 08/02/22 (expediente núm. ██████████).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### 3.- APROBACIÓN DE MODIFICADO DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 23 de febreiro do corrente, aprobouse o proxecto técnico da obra de *“Pavimentación e reforzo de firmes en camiños e aldeas das parroquias de Guillar, Riobó, Camba, Negrelos e Santa Baia de Camba”*, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, con data febreiro de 2022. Dito proxecto aprobado foi enviado á Deputación Provincial para a inclusión do investimento nel reflectido na Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022. Durante a tramitación das autorizacións sectoriais preceptivas para a realización das obras incluídas no proxecto, o Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra advertiu que unha pequena actuación incluída no proxecto no lugar de Loureiro (Santa Baia de Camba) correspondíase cun predio atribuído a un particular dentro da ZCP Val de Camba. Ante esa circunstancia imprevista, e ao obxecto de asegurar que o Concello poida acreditar a plena dispoñibilidade dos terreos afectados polas obras, considerouse procedente para o interese público redactar un modificado do proxecto que suprimise a actuación na zona controvertida incluída na concentración parcelaria, cambiándoa por unha ampliación do xa previsto no dito lugar. O modificado do proxecto non varía nin a denominación, nin os lugares e parroquias afectadas nin o seu orzamento global.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Modificado núm. 1 do proxecto técnico da obra de *“PAVIMENTACIÓN E REFORMA DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BAIA DE CAMBA”*, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, con data marzo de 2022, cun importe global de TRESCENTOS TRINTA E TRES MIL SESENTA E UN EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (333.061,61 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	309.643,21 €
✓ Honorarios de proxecto:	10.408,18 €
✓ Honorarios dirección de obra:	10.408,18 €
✓ Honorarios coordinación de seguridade e saúde:	2.602,04 €

Considerando que o modificado do proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 15/03/22, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda aprobar o modificado do proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

Segundo.- Achegar o proxecto modificado, así como certificado do presente acordo, á Deputación Provincial ao obxecto de substituír dito documento técnico polo inicialmente achegado para a súa inclusión na Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022.

#### ***4.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ASPERELO, CAMBA, CARBOENTES, GUILLAR, PEDROSO E A PORTELA”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2021 (EXPEDIENTE PAS-O 1/2022)***

De conformidade co establecido na cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “Mellora de camiños nas parroquias de Asperelo, Camba, Carboentes, Guillar, Pedroso e A Portela”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “Mellora de camiños nas parroquias de Asperelo, Camba, Carboentes, Guillar, Pedroso e A Portela” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Rubén P. Quintá Quintá, alcalde do Concello.

VOGAIS: José M<sup>a</sup> Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

## **5.- CONTRATACIÓN DUNHA (1) TRABALLADORA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022 – LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS**

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 17 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de educador social (RS núm. 90, do 23/02/22). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación de candidatas:

### Educadora social (oferta núm. [REDACTED])

- Jorge Mato, María Elena
- Portomeñe García, Antía

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse ás candidatas preseleccionadas un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación as seguintes candidatas:

- Jorge Mato, María Elena (RE núm. 344 e 357, do 07/03/22 e 08/03/22)
- Portomeñe García, Antía (RE núm. 346, do 07/03/22)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida o día 10 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte das candidatas presentadas dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoas ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

CANDIDATA	PUNTUACIÓN TOTAL
MARÍA ELENA JORGE MATO	0,50
ANTÍA PORTOMEÑE GARCÍA	0,00

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de obra ou servizo determinado de interese social, da traballadora que deseguido se sinala:

Educadora social (6 meses)

NOME E APELIDOS	DNI/NIE
MARÍA ELENA JORGE MATO	██████████

RESERVA:

ANTÍA PORTOMEÑE GARCÍA

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

**6.- CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS (2) TRABALLADORES/AS AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022 – LIÑA 3: EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS**

O Sr. alcalde informa aos Sres. concelleiros presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 17 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo

para a contratación de dous postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondentes ao perfil profesional de monitor do tempo libre (RS núm. 90, do 23/02/22). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte relación de candidatas:

Monitor do tempo libre (oferta núm. ██████████)

- Corbal Cangado, Sara
- Jorge Mato, María Elena

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse ás candidatas preseleccionadas un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentou a documentación a seguinte candidata:

- Jorge Mato, María Elena (RE núm. 345, do 07/03/22)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida o día 10 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte da candidata presentada dos requisitos establecidos nas bases, proponendo a non admisión de María Elena Jorge Mato ao proceso selectivo ao non acreditar o requisito de formación esixido nas Bases, e ao mesmo tempo a declaración como desertos dos postos de traballo correspondentes ao proceso selectivo por ausencia de candidatos/as admitidos/as.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Excluir do proceso selectivo á candidata María Elena Jorge Mato ao non acreditar o requisito de formación esixido nas Bases.

Segundo.- Declarar desertos os postos de traballo de monitor do tempo libre por ausencia de candidatos/as presentados/as ao proceso selectivo e

solicitar do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) unha ampliación da oferta ao obxecto de acadar máis candidatos/as para poder prover os postos de traballo ofertados.

## 7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 29,04 €  
Por subministro de material de limpeza para edificios municipais, s/factura núm. 13435.
- XUNTA DE GALICIA 47,87 €, 89,43 €, 119,65 €, 8,47 €, 89,43 € E 59,23 €  
Por autoliquidacións de taxas de Augas de Galicia en concepto de autorizacións no dominio público hidráulico, s/cargos.
- PARDO Y ASOCIADOS INGENIEROS, ARQUITECTOS, CONSULTORES S.L. 1.202,81 €  
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no FCA 2022 (concorrenza competitiva), s/factura núm. 22/005/IND.
- PAULA REGUEIRO GARCÍA 440,00 €  
Por organización de contacontos “*Dúas nenas moi moi valentes*”, s/factura núm. 201 (subvención Pacto de Estado contra a violencia de xénero).
- VANESA VILLANUEVA CIDRE 302,50 €  
Por confección de lazos para o Día Internacional da Muller, s/factura núm. 1.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 54,52 €  
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de febreiro de 2022, s/factura núm. 22FNX0041088 (FACe).

- COSAPLAG S.L.U. 308,55 €  
Por tratamentos de desinfección do Centro de Saúde para a crise sanitaria do COVID-19, s/factura núm. 20220784.
- ALQUILERES LALÍN S.L. 615,89 €  
Por aluguer de rodillo compactador para obra municipal en Carboentes, s/factura núm. 22/109.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.028,22 €  
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de febreiro de 2022, s/factura núm. FA – 224.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 3.576,28 €  
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de febreiro de 2022, s/factura núm. 2022/0438 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)